Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo - Ocupación e traballo. Identificación con perspectiva de xénero das principais actividades profesionais e laborais na contorna. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano), situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo. - A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na educación primaria poñeráse especial énfase en garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan axiña como se detecte calquera destas situacións.

A metodoloxía didáctica a seguir segundo o artigo 16 do Decreto 155/2022, do 15 de Setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

Falamos así dunha metodoloxía de tipo participativo e cooperativo, baseada en pequenos proxectos que irán paralelos á utilización de fichas didácticas, traballos de investigación e experimentación directa, actividades dixitais e moitas de carácter manipulativo.

Neste curso ademais, váise desenvolver un proxecto común a todo o centro, titulado "Recreando o noso espazo", na procura dun traballo colaborativo no que participen tódolos cursos co fin de mellorar a calidade educativa. Polo que en xeral, a metodoloxía será de tipo lúdico e práctico, intercalando actividades individuais e grupais e fomentarse, sempre que sexa posible, a colaboración coas familias. É importante o traballo individual pero tamén o colectivo,

onde os nenos/as aprendan a compartir as ideas, respectar as opinións dos demais e a colaborar. O uso das TIC é un elemento que nos permitirá favorecer a construción de aprendizaxes.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que suscitan:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas que favorecen a comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes, conectando coa adquisición das competencias.
- Exercicios e actividades diversificadas.
- Traballo individual e en grupo, tarefas diversificadas e integradas. Todo secuenciado por niveis de dificultade, abordando a diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e favorecendo a adquisición de competencias para todos os alumnos.

Asemade, o grupo contará este curso coa sección bilingüe e recibirá as clases de Inglés co apoio dun auxiliar de conversa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material audiovisual e informático da aula.
Recursos interactivos de creación propia usando aplicacións como Canva, Power point, Kahoot, Genially, Wordwall ou Educaplay.
Cadernos didácticos, despregables, posters, láminas, ruletas...
Mapas, planos, globos terráqueos,...
Material de creación propia, relacionado con cada unha das unidades didácticas.
Xogos de mesa e puzzles.
Máquetas, flipbooks e vídeos didácticos.

Como materiais a utilizar aproveitaranse moito todos aqueles que o alumnado e as familias aporten para a realización das diferentes actividades e tamén se buscará a colaboración doutros mestres e especialistas do centro e, incluso, das institucións do Concello que poidan aportarnos información ou materiais para os nosos proxectos.

Ademais no caso da área de Coñecemento do medio natural, social e cultural e seguindo a liña de Traballo por Ambientes, empregaranse ademais dos recursos xa mencionados, diferentes materiais de uso cotiá.

Tamén se utilizarán diferentes recursos informáticos, páxina web do centro e os libros da biblioteca de aula e de centro como recursos habituais de traballo na aula.

Sen esquecermos de mencionar os recursos persoais que, ademais do profesor/a titor de cada curso, nos ofrecen os diferentes especialistas do centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Tal e como queda recollido no artigo 20 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, durante o primeiro mes de cada curso escolar, a persoa titora realizará unha avaliación inicial. Esta avaliación inicial constitúe o factor preventivo por excelencia para atender á diversidade da aula, ademais de ter como principais finalidades a adecuación das ensinanzas ao alumnado ao mesmo tempo que facilita unha progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Por tanto, a realización desta avaliación, será o punto de referencia para a toma de decisións na programación de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas en cada momento.

Tendo en conta que nos atopamos no 1º curso da Educación Primaria, que estamos comezando a etapa,

empregaremos escalas de observación, así como rexistros anecdóticos para recoller toda a información que consideremos relevante, extraída do traballo diario da aula, durante as primeiras semanas do curso, tanto a nivel individual como en interaccións en pequeno e gran grupo, oralmente ou mediante algunha dinámica ou ficha de traballo.

Esta avaliación inicial en ningún caso implicará cualificación para o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	17	16	16	100
Proba escrita	46	40	46	50	30	0	36
Táboa de indicadores	54	60	54	50	70	100	64

Criterios de cualificación:

A avaliación do alumnado será global, continua, formativa e terá en conta o grado de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou alumno non sexa o axeitado, estableceráanse medidas de reforzo en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades.

É importante destacar o uso xeralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados as distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado (diario de aula, escalas de observación, listas de cotexo, exercicios orais e escritos, caderno de aula, xogos interactivos...)

Os resultados da avaliación expresaranse empregando os termos IN (calificacións negativas) e SU, BE, NT ou SB (calificacións positivas). A estos termos, engadiremos, con carácter informativo, unha calificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala do 1 ao 10.

-Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

-Suficiente: 5

-Ben: 6

-Notable: 7,8

-Sobresaínte: 9, 10.

No caso dos ámbitos que integren distintas áreas, o resultado da avaliación expresarase mediante unha única cualificación, sen prexuízo dos procedementos que poida establecer o centro para manter informados da súa evolución nas diferentes áreas ao alumnado e as súas nais, os seus pais ou as súas persoas titoras legais.

Os resultados da avaliación das competencias clave expresaranse nos mesmos termos cualitativos que se establecen para os resultados de avaliación da área e será o equipo docente, coordinado pola persoa titora, quen consignará na acta de avaliación final as cualificacións das mesmas.

Criterios de recuperación:

Tal como queda recollido no artigo 24 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, a promoción no 1º curso de Educación Primaria será automática. Porén, o alumnado que promocióne tendo cualificación negativa nalgunha área, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non acadadas no curso anterior.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é unha característica intrínseca dos grupos humanos, xa que cada persoa sente, pensa e actúa de maneira diferente. Isto vai ligado ás diferencias nas capacidades, necesidades, intereses, condicións familiares, culturais... Ademais, esta diversidade afecta ao ámbito educativo, onde atopamos a alumnado que, a pesar de estar no mesmo nivel, é totalmente diferente entre sí.

Por iso a atención á diversidade convértese nun principio fundamental da ensinanza básica, tal e como se recolle nos artigos 1 e 4 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, que modifica á Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE).

A atención á diversidade no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve, defínese como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a reposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. As medidas para atender á diversidade poden ser ordinarias ou extraordinarias, priorizando, sempre que sexa posible, as primeiras. Entre elas, podemos destacar as seguintes:

- Adecuación da estrutura, organización e xestión da aula ás características do alumnado.

- Emprego de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais e pequenos proxectos de traballo.

- Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.

- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

No caso de ter alumnado que precise outro tipo de medidas, por resultar insuficientes as anteriores, manteremos un contacto máis pormenorizado co Departamento de Orientación para a súa valoración, organización dos apoios requiridos e seguimento da súa evolución. Así, levaranse a cabo os apoios, fóra ou dentro da aula, por parte do profesorado especialista en PT e AL do centro que se consideren necesarios para abordar estas dificultades. Nos casos xa diagnosticados intentarase continuar coas medidas de atención á diversidade iniciadas no curso anterior sempre que sexa necesario. Ademais se colaborará con entidades externas en caso de que o alumnado asista a elas, intentando manter unha comunicación fluida e levar a cabo un traballo conxunto co fin de prestarlle o maior apoio posible a ese alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Competencia dixital e comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre as persoas, evitando calquera tipo de discriminación.	X					X
ET.4 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a Paz.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Acción titorial e educación emocional.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a saúde, consumo responsable.	X			X	X	
ET.8 - Democracia e respecto polos dereitos humanos.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.9 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Samaín	1º Trimestre	X		
Esfolla	1º Trimestre	X		
Magosto	1º Trimestre	X		
Cine	1º Trimestre	X		
Nadal e actividades coas familias	1º Trimestre	X		
Día da Paz	2º Trimestre		X	
Día de Rosalía	2º Trimestre		X	
Entroido	2º Trimestre		X	
Plantación no invernadoiro	3º Trimestre			X
Os maios	3º Trimestre			X
Excursión final de curso	3º Trimestre			X
Festa da auga	3º Trimestre			X
Feira de proxectos	3º Trimestre			X

Observacións:

Estas actividades están suxeitas a posibles modificacións, e tamén, a outras posibles actividades que vaian xurdindo ó longo do curso e que sexan interesantes para o desenvolvemento dos contidos do mesmo. Estas modificacións serán relacionadas na memoria de final de curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adaptouse a práctica docente (metodoloxía, actividades, recursos...) ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.
Modificouse a planificación ao longo do curso, atendendo á flexibilidade, en función da vida cotiá do centro e da aula.

A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axeitada.
Metodoloxía empregada
Mantívoase a motivación, interese e curiosidade do alumnado coas propostas e dinámicas levadas a cabo na aula.
Conseguíuse a participación activa da maioría do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos seleccionados foron axeitados para levar a cabo un correcto desenvolvemento das actividades propostas.
Os recursos foron diversos, variados e adaptados as características e estilos de aprendizaxe do alumnado.
Empregáronse de forma eficaz as TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Empregáronse instrumentos e procedementos de avaliación variados e axeitados, tendo en conta os diferentes aspectos a valorar.
Tivéronse en conta as características propias do grupo á hora de planificar os espazos, tempos e agrupamentos.
Clima de traballo na aula
Mantívoase un clima de aula relaxado onde o alumnado síntese seguro, tranquilo e con confianza.
Permitíuse á elaboración conxunta das normas básicas de funcionamento da aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Usáronse diferentes vías de comunicación coas familias.
Fomentouse a implicación e participación das familias na vida da escola e no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as.
As familias foron debidamente informadas sobre o proceso de avaliación, criterios de calificación e promoción.
Acadouse unha boa coordinación e unha comunicación frecuente, sistemática e fluida co resto de profesorado que imparte docencia no grupo aula.

Descrición:

Estes aspectos permitirán avaliar o proceso de ensino e a práctica docente non só ao finalizar o curso, senón durante o mesmo (unha vez por trimestre ou máis, se se considera oportuno), para facer os axustes e as propostas de mellora necesarias. Algo que permitirá analizar e valorar a intervención educativa que ten lugar na aula para adaptala ás características e necesidades do alumnado e así mellorar a calidade da educación proporcionada. Polo tanto, teranse en conta para realizar o seguimento das programacións didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Durante as sesións de avaliación serán avaliados os procesos de ensino e a práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos das áreas e da etapa e co desenvolvemento das competencias clave para, se é preciso, aplicar as medidas correctoras pertinentes. Esta avaliación tal e como queda recollido na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa incluírá os seguintes aspectos:

- A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.
- A metodoloxía empregada.

c) A organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos.

d) As medidas de atención á diversidade.

e) O clima de traballo na aula.

f) A coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais.

Así, na sesión de avaliación a mestra titora analizará co resto do profesorado do grupo-clase, aqueles aspectos nos que é necesario unha variación e levantará a correspondente acta na que se recollerán as decisións e os acordos acadados con respecto á práctica docente e as propostas de mellora oportunas.

Deste xeito, iremos observando en que medida se vai cumprindo a programación, que aspectos da mesma poderemos mellorar e cales deberemos potenciar por resultar favorables para a evolución do alumnado. E así desas conclusións poderase determinar a avaliación e modificación de diversos aspectos da Programación Didáctica, especialmente todos os referidos á temporalización, a metodoloxía e os instrumentos e procedementos de avaliación, por ser os máis facilmente axustables e os que máis afectan a unha favorable evolución do alumnado. Finalmente farase unha avaliación final da PD, cuxas conclusións se incorporarán na memoria final de nivel e se trasladarán á memoria do centro, sendo a base referencial para a elaboración de futuras PD.

Por tanto, en función dos resultados desta avaliación continua da PD estableceranse as posibles propostas de mellora que, a continuación, se relacionan:

a) Modificación parcial de aspectos referentes á temporalización e inmersión de reforzos educativos.

b) Modificación significativa da programación segundo as conclusións derivadas das análises específicas das xuntas de avaliación. Estas modificacións afectarán a aspectos significativos da programación e terán sempre información da Xefatura de Estudos e conclusión redactada en xunta de avaliación, así como transmisión ás familias.

c) Modificación moi significativa de programación por ampliación ou redución segundo diversas circunstancias de salientable impacto educativo. Esta modificación determinará un axuste concreto dos elementos clave da programación, con aprobación da Inspección e traslado a toda a Comunidade Educativa.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010162	CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia	Narón	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	48
4.2. Materiais e recursos didácticos	49
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	51
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	52
6. Medidas de atención á diversidade	54
7.1. Concreción dos elementos transversais	55
7.2. Actividades complementarias	57
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	58
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	59
9. Outros apartados	60

1. Introducción

Esta Programación Didáctica está enmarcada na Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para a mellora da calidade educativa concretada á súa vez no Decreto 155/2022, do 15 de setembro (DOG do 26/09/2022) polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, que desenvolve o R.D. 157/2022, do 1 de marzo de ensinanza mínimas de educación primaria aprobadas a nivel estatal: o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade do noso centro.

A Educación Física ten moito que dicir no novo currículo, a responsabilidade dos centros docentes de promover a práctica diaria de deporte e exercicio físicos por parte dos nenos/as durante a xornada escolar a través de medidas específicas incluídas no Proxecto Educativo. O anexo II do Decreto, recolle unhas orientacións metodolóxicas : ... facer dos nosos alumnos e alumnas suxeitos activos na xestión da súa saúde e na adquisición de hábitos de vida saudables? Tamén a Lei orgánica 8/2013, do 9 de setembro, para a Mellora da Calidade Educativa adica a disposición adicional cuarta á Promoción da actividade física e dieta equilibrada. Segundo estimacións da OMS xa en 2014, 41 millóns de nenos e nenas menores de 5 anos tiñan sobrepeso ou eran obesos, sen falar, dos problemas que isto acarreará nun futuro. Debería de haber unha Competencia Motriz xaiii

A Educación Física é fundamental para o desenvolvemento global da persoa, ao incidir no traballo das capacidade físicas, psíquicas e socio-afectivas dos alumno/as.

Un eficaz traballo en E.F e PSICOMOTRICIDADE inciden en aspectos da aprendizaxe cognitivo(mellorando as díficultade na lectoescritura, dislexia, pensamento operatorio, a concentración, o equilibrio, como manexar e canalizar as emocións, a capacidade de comunicarse e polo tanto a linguaxe...), tamén fomentará a toma de conciencia de hábitos saudables (alimentación, hixiene, adherencia á actividade física...) ademais de potenciar valores como: respecto, compañerismo, tolerancia... Detectar, prevenir e tratar eventuales casos de Transtornos de conduta Tdha, T.e.a afirmación como seres únicos y originales.

Nesta programación didáctica para a área de Educación Física está incluída a etapa educativa de Educación Física en Educación Primaria e Psicomotricidade en Educación Infantil, Está planificada para levar a cabo no Centro de Educación Infantil e Primaria Ponte de Xubia, no concello de Narón no curso 2024/2025.

O centro educativo ten 11 unidades, cun desdoble en 5º e en 6º de primaria. O número de alumnos é: 4º Educación Infantil=13, 5º de E.I = 18, 6º de E.I = 9. En Educación Primaria 1º=18, 2º=17, 3º=23, 4º=23, 5ºA= 13, 5Bº=14, 6ºA=13 e en 6ºB=13. en total 173 alumnos e alumnas.

Cada grupo ten 2 horas clase. O colexio dispón dunha pista polideportiva no exterior e un pavillón- ximnasio que neste curso volveremos a levar uns tenis para cambiarse.

O centro ten un horario de xornada continua, de 9:00h a 14:00h polas mañás de martes de 16:00h a 19:00h para atención a pais e nais e reunións do profesorado. Tamén ai actividades extraescolares polas tardes da Anpa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude empática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos, de actividades físico-deportivas e de ocio, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xa non é psicomotricidade é Educación Física	Esta UD pretende que o alumnado que se inicia na etapa de Ed. Primaria interiorice os hábitos, valores e actitudes que transmite	4	2	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xa non é psicomotricidade é Educación Física	esta área. Pretendemos que coñeza: - A vestimenta axeitada para a práctica de actividade física. - Hábitos xerais de hixiene tras a práctica dalgunha actividade física - Uso e coidado do material e dos espazos. - Importancia de seguir as regras marcadas. Pautas para a prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento, volta a calma, ...	4	2	X		
2	Coidémonos! É importante.	Con esta unidade didáctica tentaremos crear no alumnado hábitos de saúde para unha mellora da calidade de vida, fomentaremos e faremos cumprir a adopción de prácticas hixiénicas, posturais e alimenticias, contribuír ao benestar físico e mental e persuadir aos nenos/as a que pensen nunha conduta sa fóra do ámbito escolar. Todo iso influirá de xeito positivo na autoestima, e nunha mellor calidade de vida.	9	4	X		
3	Un para todos e todos para un	Os xogos cooperativos son propostas que buscan diminuír as manifestacións de agresividade nos xogos promovendo actitudes de sensibilización, cooperación, comunicación e solidariedade. Buscan a participación de todos, predominando os obxectivos colectivos sobre as metas individuais. Os nenos/as xogan con outros/as e non contra os outros/as; xogan para superar desafíos ou obstáculos e non para superar os demais. Será necesario o traballo en grupo para conseguir un fin común.	8	5	X		
4	Descubrinto como son	Dentro das capacidades perceptivo-motoras atopamos o concepto de corporalidade (Castañer e Camerino). O esquema corporal é un concepto dinámico e maleable que se adquire por aprendizaxe e no que as experiencias xogan un papel fundamental. Unha mala estruturación do esquema corporal e na lateralidade pode ocasionar problemas no ámbito motor (torpeza, descoordinación...), no perceptivo (mala percepción espazo-temporal que pode chegar a repercutir mesmo na lectoescritura) e no afectivo.	7	5	X		
5	Móvome no espazo e no tempo	Toda acción sucede nun espazo e tempo determinado polo que o traballo da espacialidade e temporalidade é indivisible. A percepción supón a recepción da información que nos chega a través dos	6	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Móvome no espazo e no tempo	sentidos, por iso, se pretende que o alumnado interiorice e automatice nocións básicas como: arriba-abaixo, encima-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, esquerda-dereita... para orientarse no espazo próximo.	6	5	X		
6	Des....plazándome	Unha vez traballadas as capacidades de conciencia corporal, control postural (o equilibrio) e nocións espazo-temporais en unidades didácticas anteriores convén traballar as habilidades motrices básicas. Nesta unidade didáctica centrarémonos en diferentes tipos e formas de desprazarse: en grupos, imitando animais, trepando, en parellas, con diferentes tipos de obxectos, transportes, reptacións, empregando diferentes tipos de apoio, etc.	7	5	X		
7	Somos ximnastas	Segundo co traballo das habilidades motrices básicas, esta UD estará enfocada aos saltos e xiros. Ambas habilidades permitirá ao alumnado adquirir unha bagaxe motriz fundamental para desenvolverse en diferentes situacións.	7	5		X	
8	Xogamos con pelotas	Os lanzamentos e as recepcións son dúas habilidades motrices moi importantes para unha posterior iniciación deportiva en calquera dos deportes coñecidos (Fútbol sala, Balonmán, Voleibol), ademais de que permiten que os alumnos/ as poidan realizar adecuadamente abundantes cantidades de xogos, que requiren un certo nivel en canto a habilidades motrices deste tipo (xogo dos dez pases, o balón prisioneiro, etc). Polo tanto, nesta unidade, trataremos de que o alumnado practique estas habilidades motrices, coa intención de facilitar unhas aprendizaxes relevantes para unha variada gama de contidos de Educación Física, que posteriormente traballarán.	7	4		X	
9	Os equilibristas de cole	O equilibrio está presente en practicamente calquera tarefa dentro da Educación Física. Un bo desenvolvemento desta capacidade física traerá consigo unha maior eficiencia nas execucións (consecución dun obxectivo co mínimo gasto enerxético). Nesta unidade didáctica traballaremos o equilibrio estático, dinámico e con obxectos, realizando tarefas de equilibrios sobre diversos puntos de apoio, mantemento en equilibrio de diferente material coas partes corporais, desprazamentos por superficies de apoio	7	4		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Os equilibristas de cole	inestables ou reducidas...	7	4		X	
10	Mira como me movo?	<p>A coordinación é un elemento fundamental no desenvolvemento físico das persoas. Está presente en todos os movementos que realiza o ser humano, desde as actividades da vida diaria ata os xestos deportivos.</p> <p>Distinguiremos varios tipos de coordinación, que agruparemos en dous grandes núcleos: coordinación dinámica xeral e coordinación parcial- segmentaria.</p>	7	6		X	
11	Corro, salto, xiro.	<p>O traballo das HMB e o xogo é algo que non se pode tratar de xeito illado e independente dentro do contexto educativo da Educación Física. Ambos forman parte dun proceso global de ensino e aprendizaxe.</p> <p>Con esta UD pretendemos seguir traballando as HMB a través de xogos con obxectos, perseguindo dar unha gran variabilidade na experimentación con material de refugallo ou reciclable (latas, xornais, rodas, caixas de cartón, botellas...), novidoso e motivante para o alumnado.</p>	5	5		X	
12	Non escoites, non mires, non fales...simplemente sente.	Concienciación do grupo da integración/inclusión do alumnado con algunha discapacidade. Para iso realizaremos sesións dirixidas á discapacidade visual, motora e auditiva.	8	5			X
13	Exprésome libremente.	A creatividade e recursos expresivos do alumnado son os aspectos máis destacables a ter en conta no desenvolvemento desta unidade didáctica. Partindo da creatividade e motivación dos nenos e nenas desenvolverase a expresión corporal a través do mimo, da representación e do movemento corporal (aeróbic e danzas).	6	5			X
14	Xogos dos nosos avos e avoas	Con esta unidade didáctica pretendemos que os alumnos/as coñezan e practiquen danzas e xogos populares, autóctonos e tradicionais como vínculo e parte do patrimonio cultural de Galicia, de forma que as coñezan e contribúan ao seu mantemento.	6	5			X
15	Gozamos da Natureza e o entorno	<p>As actividades físicas no medio natural e urbano posúen un gran potencial educativo, e isto é debido tanto á variedade de habilidades desenvoltas nas actividades propostas como ao medio onde se realizan.</p> <p>A importancia da educación ambiental, a conservación, coñecemento e goce da</p>	6	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
15	Gozamos da Natureza e o entorno	natureza e práctica de actividades educativas, de ocio ou física no medio natural son, sen dúbida, piares importantes con referencia á formación dunha nova conciencia cidadá con respecto ao medio. "Pouco se pode respectar se non se coñece e non se goza".	6	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Xa non é psicomotricidade é Educación Física	2

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos dun estilo de vida activo	TI	100
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.		
CA1.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes.		
CA1.4 - Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución tras unha análise dos resultados obtidos.		
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas no xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.		
CA1.6 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respectar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade.		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.		
CA2.2 - Participar en xogos de activación e volta á calma, recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Participar e recoñecendo a utilidade dos xogos de activación e volta á calma.		
CA2.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes.		
CA2.5 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		
CA2.6 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participar activamente e gozar dos xogos e outras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo.		
CA2.8 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das mesmas.		
CA3.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos dun estilo de vida activo		
CA3.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		
CA4.1 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.		
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade.		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo.		
CA4.5 - Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para alcanzar os devanditos éxitos.	Coñecer e valorar os logros de varios referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para alcanzar os devanditos éxitos.		
CA4.6 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura na contorna natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura na contorna natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de coidado e conservación das mesmas.		
CA5.1 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		
CA5.2 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participar activamente e gozar dos xogos e outras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo.		
CA6.1 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes.		
CA6.2 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións de maneira axustada en contextos de práctica motriz segundo as circunstancias.		
CA6.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Gozar de forma segura da contorna natural e urbana, coñecendo os usos que nos achega a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación cara a eles durante o desenvolvemento de distintas prácticas lúdico-recreativas en distinto contextos.	Gozar de forma segura da contorna natural e urbana, coñecendo os usos que aportan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación durante as prácticas lúdico-recreativas.		
CA6.5 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Utilizar de forma adecuada o material e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Alimentación saudable e hidratación. - Educación postural en situacións cotiás. - Coidado do corpo: a hixiene persoal e descanso tras a actividade física. - Saúde social: - A actividade física como práctica social saudable. - Dereitos dos nenos e das nenas no deporte escolar. - Respecto cara a todas as persoas, con independencia das súas características persoais. - Saúde mental: - Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Benestar persoal e na contorna a través da motricidade. - Autocoñecemento e identificación das fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos. - Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver. - Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma. - Esquema corporal: - Conciencia corporal. - Técnicas básicas de respiración e relaxación/contracción para controlar o corpo e ser aplicadas en situacións motrices cotiás. - Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices. - Respecto das regras de xogo. - Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias. - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas como manifestación da propia cultura. - Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia. - Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. - Posibilidades de uso que chega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna. - Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz. - Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano. - Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
2	Coidémonos! É importante.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos dun estilo de vida activo.	TI	100
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.		
CA1.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes.		
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentado xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas durante o xogo, tentado xestionalas e gozando da actividade física.		
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
Saída a unha zona de árbores de folla caduca	Recollida de distintos tipos de follas de árbores para realizar a actividade de frottage.	X		
Exposicións dos traballos realizados en cada unidade didáctica	Expoñer nun lugar do centro as obras realizadas na aula ao longo dos tres trimestres.	X	X	X
Decoración de corredores	Decorar os corredores do centro seguindo a temática das festividades reflectidas no calendario escolar e acordadas no centro.	X	X	X
Colaboración no Xornal do centro	No 3º trimestre, colabórase co Xornal do centro elixindo un dos traballos grupais realizados durante o curso para editar no mesmo.			X

Observacións:

1. Aproveitando o espazo xeográfico no que se atopa o centro, sairase co alumnado a distintos espazos do concello para buscar follas de árbores de folla caduda de distintas especies.
2. Durante o curso, adoptarase a dinámica de presentar en distintos espazos do centro (non sempre no mesmo e dependendo dos traballos realizados) os produtos artísticos elaborados polo alumnado nas distintas unidades didácticas.
3. No centro acórdase todos os cursos unha dinámica de traballo para decorar os corredores segundo a temática do momento: é o alumnado da área de Educación Plástica e Visual, sempre baixo a coordinación do profesorado que imparte a dita área quen participa e se encarga da decoración dos espazos comúns.
4. Tamén se colabora co xornal do centro, coa elección dalgún dos traballos realizados por parte do alumnado que poida incluírse no dito xornal.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

A secuenciación e a temporalización das unidades didácticas adáptase ás características do grupo de alumnado.
Os criterios de cualificación empregados nas avaliacións parciais/final permiten identificar as aprendizaxes do alumnado.
As actividades propostas intentan achegar o currículo a situacións da vida real.
Adáptanse os procedementos e instrumentos de avaliación en función das características do alumnado.
Metodoloxía empregada
Promóvese o traballo colaborativo e en equipo respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe.
Distribúese o tempo axeitadamente ás situacións de aprendizaxe.
O estilo pedagóxico do docente ten en conta os principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA).
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adóptanse distintos tipos de agrupamento en función das actividades a realizar.
Medidas de atención á diversidade
Facilítase ao alumnado a información dos progresos e das dificultades atopadas.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realízase unha coordinación periódica co resto do profesorado do grupo.
Foméntase a participación e colaboración das familias no proceso de aprendizaxe do alumnado.

Descrición:

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas de avaliación do curso.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a práctica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluírán, no seu caso, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre e incluírá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación se incorporarán á memoria final.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información, será suficiente con que o profesorado titor así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores ás da xunta de avaliación parcial; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens, cando menos, unha vez ao trimestre. Cómpre destacar a importancia da valoración dos datos recollidos na programación de aula de cara a comprobar o desenvolvemento da actividade lectiva (esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación).

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Realizaranse propostas de mellora. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:

- O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
- A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
- A proposta de probas de avaliación de distinta dificultade.
- O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.

A información que se obteña incluírase na memoria final da área, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento susceptibles de aplicación no curso actual.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010162	CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia	Narón	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	1º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	25
4.2. Materiais e recursos didácticos	26
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	27
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	31

1. Introducción

A programación que se presenta a continuación vai dirixida ao alumnado do 1º curso de Educación Primaria do CEIP Plurilingüe Ponte de Xuvia. Trátase dun centro dunha liña (agás en 5º e 6º de EP) composto por un total de 11 unidades e situado no concello de Narón, concretamente nunha zona urbana con familias de clase media, na súa maioría. A práctica totalidade do alumnado vive preto do centro polo que éste constitúe o seu entorno habitual.

Trátase dun centro de xornada única, de 9:00 a 14:00 horas, atendendo a Orde do 29 de maio de 2008. As instalacións do centro cumpren cos requisitos mínimos establecidos no Real Decreto 132/2010, do 12 de Febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros nos que se imparten ensinanzas do segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria. A escola conta con dous edificios de dúas plantas, un para Infantil e outro para Primaria, así como cunha zona de recreo, na que está presente un invernadoiro, un parque de xogos infantís e un pavillón.

O grupo obxecto desta programación confórmano 18 estudantes, en concreto, 10 nenos e 8 nenas, con capacidades, necesidades e ritmos diversos de aprendizaxe. A lingua materna do alumnado é o castelán de xeito xeral, sendo o galego a lingua materna dunha porcentaxe moi baixa do mesmo.

O profesorado que imparte docencia na aula é o seguinte:

-Rocío Cano Corredoira: titora e mestra de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Matemáticas, Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural e Proxecto Competencial.

-Ana Isabel Morales Moya: especialista en Educación Física.

-Purificación Fachal Corbeira: especialista en Educación Plástica (sección bilingüe)

-Nithin Krishna Kallakudiyar: auxiliar de conversa.

-Dolores Castro Sixto: especialista en Relixión Católica.

-Ana María Rodríguez García: especialista en Lingua Estranxeira.

-Juan Marcos Cerezo Suárez: especialista en Educación Musical.

-Sara Gómez Amado: especialista en Pedagogía Terapéutica.

-Carmen Díaz Vargas: especialista en Audición e Linguaxe.

O currículo que vai ser traballado é o especificado no Decreto 155/2022, do 15 de Setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cuenta atrás.	-Saúdos e presentacións na assemblea: normas básicas de interacción oral. -Vocabulario non discriminatorio. -Biblioteca da aula. -Primeiras grafías: as vogais.	12	16	X		
2	Piruletras	- A assemblea: normas básicas de interacción oral. -Xogos de palabras. -Primeiras consoantes: p,l,m,s. - Biblioteca da aula.	11	16	X		
3	El mejor regalo eres tú.	- A assemblea: normas básicas de interacción oral. - Segundas consoantes: t,d,n,f. -As felicitacións. -Biblioteca de centro.	11	16	X		
4	Oral y escrito.	- A assemblea: normas básicas de interacción oral. -A frase. - O substantivo: común ou propio/masculino ou feminino. -O son /K/. -Lectura de textos simples.	11	16		X	
5	Lo que más me gusta de ti es...	- A assemblea: normas básicas de interacción oral. - O adxectivo. - Semellanzas e diferenzas.	11	16		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Lo que más me gusta de ti es...	-O son /Z/. - Lectura de textos simples.	11	16		X	
6	Iguales o diferentes.	- A asamblea: normas básicas de interacción oral. -A maiúscula. -Os signos de puntuación. -Sinónimos e antónimos. -/LL/-/Ñ/ - Lectura de textos sinxelos. - Os contos como fonte de lecer.	11	15		X	
7	Noticias disparatadas.	-A asamblea: normas básicas de interacción oral. -Escritura creativa. -A noticia. -R ou rr. - O verbo: pasado, presente e futuro. - A oración: suxeito e predicado. -Interrogación-exclamación. -Lectura como fonte de lecer.	11	15			X
8	Rimando ando.	- A asamblea: normas básicas de interacción oral. -A publicidade: os carteis. -G ou j. -Orde alfabética. -As sílabas. -Lectura como fonte de lecer.	11	15			X
9	Paso a paso.	- A asamblea: normas básicas de interacción oral. - As instrucións. -/H/-/CH/ - Aumentativos e diminutivos. -Lectura como fonte de lecer.	11	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Cuenta atrás.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Recoñecer as cinco vogais. realizar correctamente o seu trazo e asociar cada unha delas con palabras que comecen polo seu son.	PE	20
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	TI	80
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Participar en interaccións orais da aula respectando a quenda de palabra e amosando una actitude de escoita activa e atenta.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Resolver calquera conflito que poida xurdir de xeito pacífico mediante o diálogo.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Identificar a biblioteca de aula como espazo físico de lecer e disfrute.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.

UD	Título da UD	Duración
2	Piruletras	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Coñecer o son das primeiras grafías traballadas, identificando cando aparecen en determinados nomes (presentados oralmente en palabras, ou por medio de debuxos), escribindo palabras sinxelas con elas.	PE	17
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Aproximarse ás diferentes linguas que coñecemos, construíndo e comparando palabras sinxelas e xogando co número de sílabas das mesmas.	TI	83
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Memorizar adiviñas sinxelas e reproducilas ante os demais.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Participar en interaccións orais da aula, respectando a quenda de palabra e amosando unha actitude de escoita atenta e activa.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Resolver calquera conflito que poida xurdir dun xeito pacífico mediante o diálogo.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro.	Coñecer e respectar as principais normas de funcionamento e organización da biblioteca de aula.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua como fonte de lecer e gozo persoal.	Valorar as adiviñas como fonte de disfrute e aprendizaxe.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndooas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Utilizar adiviñas traballadas na aula, como base e modelo para crear outras novas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos axeitados a súa idade (normas, contos¿). - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. - Procesos: comprensión oral - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. - Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal. - Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.

UD	Título da UD	Duración
3	El mejor regalo eres tú.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Coñecer o son das grafías traballadas, identificando cando aparecen en determinados nomes (presentados oralmente en palabras, ou por medio de debuxos) e escribir palabras sinxelas con elas.	PE	12
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Identificar, de maneira acompañada, certos prexuízos e estereotipos que existen nos xoguetes infantís.	TI	88
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Comprender o sentido xeral e a mensaxe implícita de certos textos multimodais sinxelos.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Participar en interaccións orais da aula, respectando a quenda de palabra e amosando unha actitude de escoita activa e atenta.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Resolver calquera conflito que poida xurdir de xeito pacífico, mediante o diálogo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coñecer a organización e o funcionamento da biblioteca do centro, amosando interese por visitala e recurrir ao empréstito de libros.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Construír, de xeito guiado, mediante a reflexión, un pensamento crítico, non discriminatorio.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro.	Iniciarse no uso da biblioteca de aula, entrando en contacto con algúns libros.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Amosar interese por traer contos persoais da súa casa, para compartir no proxecto lector ou certos momentos de lecer.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos axeitados a súa idade (normas, contos¿). - Procesos: interacción oral <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. - Procesos: comprensión oral <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes. - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios... - Contexto - Estratexias para a planificación e produción de textos básicos axeitados á súa idade (normas, contos¿).

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: comprensión lectora - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico. - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. - Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses. - Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.

UD	Título da UD	Duración
4	Oral y escrito.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Primeira aproximación as normas ortográficas que rexen o uso do son /K/, aplicándoas correctamente en palabras de uso común.	PE	37
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Crear frases sinxelas, con apoio visual, seguindo a estrutura artigo, substantivo, adxectivo.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Recoñecer o substantivo como categoría gramatical: común ou propio e masculino ou feminino.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Coñecer palabras de uso habitual empregadas na aula, tanto en galego como en castelán.	TI	63
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Representar imaxes relacionadas con sustantivos de uso común, mediante mímica e xestos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Participar en interaccións de aula, respectando a quenda de palabra e amosando unha actitude de escoita activa e atenta.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Resolver calquera conflito que poida xurdir dun xeito pacífico, mediante o diálogo.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Facer un uso sistemático da biblioteca de aula, amosando interese por traer a aula libros da súa propia colección.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro.	Coñecer e aplicar as normas de organización e funcionamento da biblioteca de aula, coidando os seus materiais.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Crear carteis ilustrativos a partir de palabras bonitas extraídas do conto introductorio ou da súa propia autoría.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. - Procesos: comprensión oral - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Procesos: produción oral - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos, utilizando recursos non verbais elementais. - Procesos: comprensión lectora - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. - Inicio no coñecemento básico respecto á organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. - Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas a través de conversacións dirixidas. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
5	Lo que más me gusta de ti es...	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Identificar o adxectivo como categoría gramatical.	PE	36
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Primeira aproximación as normas ortográficas que rexen o uso do son /Z/, aplicándoas correctamente en palabras de uso común.		
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Distinguir entre substantivo e adxectivo en palabras significativas de uso común.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	TI	64
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproducir de memoria trabalinguas sinxelos, axeitados ao seu nivel, gustos e intereses.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Participar en interaccións de aula, respectando a quenda de palabra e amosando unha actitude de escoita activa e atenta.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñecer adxectivos discriminatorios ou non respectuosos cos demais.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Resolver calquera conflito que poida xurdir, dun xeito pacífico, mediante o diálogo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua como fonte de lecer e gozo persoal.	Amosar interese por coñecer trabalinguas sinxelos, empregándoos como fonte de aprendizaxe e disfrute.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Interese pola ampliación de vocabulario básico. - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. - Procesos: comprensión oral - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo. - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses. - Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.

UD	Título da UD	Duración
6	Iguals o diferentes.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Coñecer, diferenciar e usar correctamente o son /LL/ e o son /Ñ/ en palabras de uso común.	PE	36
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Coñecer os usos básicos do punto, coma e maiúsculas, aplicándoos axeitadamente nas súas produccions escritas.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Relacionar sinónimos e antónimos en parellas de palabras significativas.		
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Reflexionar, con axuda, sobre certos estereotipos e prexuízos culturais por razón de xénero.	TI	64
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil identificando o sentido global do texto.	Ler en voz alta textos sinxelos, identificando as ideas principais e realizando un breve resumen oral dos mesmos.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Valorar a lectura como fonte de aprendizaxe, aplicando estratexias básicas de comprensión lectora, previamente traballadas.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Recurrir a lectura en momentos de lecer.		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Ler textos sinxelos, respectando os signos de puntuación e realizando as pausas axeitadas.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participar espontaneamente en actividades de lectura compartida que se realicen tanto na aula como no centro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A diversidade etno-cultural e lingüística no contexto escolar e familia. - Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo.

Contidos

- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos.
- Valoración da lectura de textos sinxelos como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Iniciación das regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Creación de breves relatos e contos infantís a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas a través de conversacións dirixidas.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Estratexias para a transformación guiada de palabras entre as distintas linguas da contorna escolar.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.

Contidos

- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
7	Noticias disparatadas.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Coñecer as normas de uso da erre e da erre dobre, aplicándoas nas súas producións escritas.	PE	40
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Recoñecer o verbo como categoría gramatical e identificar accións en pasado, presente e futuro.		
CA6.2 - Producir, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Crear oracións sinxelas a partir de consignas ou instrucións.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Recoñecer o suxeito e o predicado en oracións sinxelas, con apoio visual.		
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Identificar a información básica dunha noticia sinxela.	TI	60
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Elaborar unha noticia sinxela, relacionada co seu entorno, seguindo un guión e modelo dado previamente.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Utilizar o título e as ilustracións presentes nunha noticia como primeira estratexia de comprensión lectora.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Analizar o contido dunha noticia sinxela respondendo as preguntas que, quen, como, donde, cando e por que,		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.	Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua como fonte de lecer e gozo persoal.	Valorar as noticias como fonte de aprendizaxe e lecer.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecendoas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Usar as noticias traballadas como base para crear pequenas historias.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Aplicar, con axuda, certas estratexias de revisión sinxelas para mellorar os seus textos escritos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Interese pola ampliación de vocabulario básico. - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos axeitados a súa idade (normas, contos). - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes. - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios... - Procesos: produción oral - Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos, utilizando recursos non verbais elementais. - Contexto

Contidos

- Estratexias para a planificación e produción de textos básicos axeitados á súa idade (normas, contos¿).
- Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Mostrar interese pola diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiáns básicas. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
3	AROUND US	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre animais e profesións.	TI	100
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre animais e profesións.		
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos.		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre animais e profesións.		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Expresar mensaxes simples e breves e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar de forma guiada información básica, apoiándose en diversos recursos e soportes.		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.
- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.
- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.
- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.
- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.
- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.
- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Estratexias, técnicas e métodos:

- Salvo raras excepcións, utilización da lingua inglesa durante todas as sesións.
- Aprendizaxe por repetición seguindo modelos da mestra, do auxiliar de conversa e de recursos multimedia.
- Utilización por parte da mestra de xestos e linguaxe non verbal para axudar á comprensión do alumnado.
- Priorizaranse as tarefas que impliquen escoitar e falar.
- Introducción da lectura e da lingua escrita mediante o copiado de palabras e frases curtas: nome, idade, data, vocabulario.
- Proporcionarlle ao alumnado un ambiente relaxado, familiar e seguro respectando o seu ritmo de aprendizaxe e valorando a súa participación.
- Uso de adhesivos para reforzo positivo.

Espazo e agrupamento:

- A maior parte das tarefas serán realizadas en gran grupo: TPR, contos, dramatizacións, vídeos, xogos con tarxetas e interactivos...
- As tarefas de comunicación oral empezarán sendo entre mestra / auxiliar de conversa e alumno/a para que, segundo vaian gañando confianza invitalos a traballar en parellas e de forma guiada.
- Ademais da aula poderán utilizarse o patio, a biblioteca e o parque situado diante do centro.
- En canto ás tarefas individuais, o alumnado utilizará o mesmo espazo e agrupamento habitual segundo indicacións da titora.
- Pequenos agrupamentos para xogos e actividades de comunicación oral co auxiliar de conversa.

Estrutura das sesións:

- Rutinas diarias de inicio de sesión coa axuda dunha "mascota": saúdo, tempo e data
- Canción de movemento.
- Contos en todas as sesións alternando lectura e dramatización coa participación do alumnado.

- Presentación e práctica de vocabulario e estruturas por medio de diferentes recursos: intercambios orais, vídeos, xogos, cancións, actividades interactivas, actividades TPR, dramatizacións de situacións comunicativas...
- Parabéns e canción de aniversario cando coincide.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material audiovisual e informático de aula.
Recursos educativos.
Material do alumnado.

Material audiovisual e informático da aula:

- Panel interactivo.

Recursos educativos:

- Contos en inglés.
- Tarxetas de vocabulario (imaxes e palabras).
- Bonecos de peluche.
- Adhesivos
- Aula virtual coa publicación de actividades interactivas seleccionadas e/ou elaboradas en diversas páxinas web e plataformas: (Liveworksheets, Plickers, Kahoot, Quizizz, LearningApps, Educaplay, Wordwall), presentacións, vídeos...
- Fichas sinxelas.
- Xogos de mesa: bingos, dominós, construción de palabras, lotto, de parellas...
- Calendario magnético de uso diario.

Material a utilizar polo alumnado:

- Caderno.
- Material e xogos da aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

- A avaliación inicial realizarase no mes de setembro.
 - Levarase a cabo mediante interaccións orais: preguntas e respostas curtas e de si/non, recoñecemento e produción de vocabulario, actividades TPR.
 - Os resultados obtidos na mesma serán tidos en conta no deseño das tarefas e actividades que se vaian desenvolvendo nas sesións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	30	50	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Observación sistemática da participación do alumnado nas tarefas desenvolvidas durante as sesións.
- Intercambios orais: preguntas / respostas.
- Utilización de tarxetas para comprobar recoñecemento e aprendizaxe de vocabulario.
- Actividades TPR para comprobar comprensión de instrucións.

CUALIFICACIÓN:

A cualificación trimestral e final da área de lingua estranxeira obterase do peso de cada unidade segundo apartado 3.1 e da ponderación dos criterios de avaliación de cada unidade especificados no apartado 3.3 desta mesma programación.

Criterios de recuperación:

Procedementos a seguir no caso de alumnado que non avance ao ritmo da maioría do grupo:

- Apoio individualizado por parte da mestra.
- Axuda de compañeiros/as.
- Actividades de repetición.
- Actividades interactivas de reforzo.
- Adaptación dos tempos de realización das tarefas.

6. Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade:

- Actividades de extensión para aqueles nenos/as máis capaces ou receptivos: xogos, contos, actividades interactivas, axuda a compañeiros/as.
- Presentación das mesmas actividades de formas diferentes: apoio visual, con xestos, repeticións, dramatizacións, ...
- Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe: adaptación dos tempos, selección de tarefas, adaptación de materiais.
- De ser necesario consultarase ao departamento de orientación sobre as medidas a tomar.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Os dereitos da infancia.	X		
ET.2 - Igualdade entre homes e mulleres.		X	

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos.			X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas.	Aproveitaranse, na medida do posible, as excursións para actividades de aprendizaxe na aula de LE.	X	X	X
Conmemoracións.	Festivais de países de fala inglesa: Halloween, Christmas, Easter.	X	X	X
Cultura doutros países.	India, país de procedencia do auxiliar de conversa.	X	X	X

Observacións:

Ao longo do curso, segundo os intereses do alumnado, programaranse actividades a medida que poidan ir xurdindo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Deseñáronse actividades variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre todo o equipo docente do grupo de alumnado.

Descrición:

A resposta das seguintes preguntas servirá para reflexionar sobre a actuación co alumnado.

- As tarefas propostas facilitan a participación de todo o alumnado?

- Utilízanse ferramentas TIC?
- Facílítase a aprendizaxe autónoma?
- Foméntase o traballo colaborativo?
- Houbo coordinación entre o profesorado do grupo?
- A temporalización das secuencias didácticas foi axeitada?

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

Aspectos da programación a valorar:

- Adecuación dos materiais utilizados.
- Adecuación da planificación.
- Medidas de atención á diversidade.
- Uso das TIC.
- Inclusión de temas transversais.
- Actividades de carácter interdisciplinar.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010162	CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia	Narón	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	1º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	25
4.2. Materiais e recursos didácticos	26
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	27
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	31

1. Introducción

A programación que se presenta a continuación vai dirixida ao alumnado do 1º curso de Educación Primaria do CEIP Plurilingüe Ponte de Xuvia. Trátase dun centro dunha liña (agás en 5º e 6º de EP) composto por un total de 11 unidades e situado no concello de Narón, concretamente nunha zona urbana con familias de clase media, na súa maioría. A práctica totalidade do alumnado vive preto do centro polo que éste constitúe o seu entorno habitual.

Trátase dun centro de xornada única, de 9:00 a 14:00 horas, atendendo a Orde do 29 de maio de 2008. As instalacións do centro cumpren cos requisitos mínimos establecidos no Real Decreto 132/2010, do 12 de Febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros nos que se imparten ensinanzas do segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria. A escola conta con dous edificios de dúas plantas, un para Infantil e outro para Primaria, así como cunha zona de recreo, na que está presente un invernadoiro, un parque de xogos infantís e un pavillón.

O grupo obxecto desta programación confórmano 18 estudantes, en concreto, 10 nenos e 8 nenas, con capacidades, necesidades e ritmos diversos de aprendizaxe. A lingua materna do alumnado é o castelán de xeito xeral, sendo o galego a lingua materna dunha porcentaxe moi baixa do mesmo.

O profesorado que imparte docencia na aula é o seguinte:

-Rocío Cano Corredoira: titora e mestra de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Matemáticas, Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural e Proxecto Competencial.

-Ana Isabel Morales Moya: especialista en Educación Física.

-Purificación Fachal Corbeira: especialista en Educación Plástica (sección bilingüe)

-Nithin Krishna Kallakudiyar: auxiliar de conversa.

-Dolores Castro Sixto: especialista en Relixión Católica.

-Ana María Rodríguez García: especialista en Lingua Estranxeira.

-Juan Marcos Cerezo Suárez: especialista en Educación Musical.

-Sara Gómez Amado: especialista en Pedagogía Terapéutica.

-Carmen Díaz Vargas: especialista en Audición e Linguaxe.

O currículo que vai ser traballado é o especificado no Decreto 155/2022, do 15 de Setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aterrando en primeiro.	-Saúdos e presentacións na assemblea: normas básicas de interacción oral. -Vocabulario non discriminatorio. -Biblioteca da aula. -Primeiras grafías: as vogais.	11	16	X		
2	Creando palabras.	- A assemblea: normas básicas de interacción oral. -Xogos de palabras. -Primeiras consoantes: p,l,m,s. - Biblioteca da aula.	12	16	X		
3	Bo Nadal!	- A assemblea: normas básicas de interacción oral. -Segundas consoantes: t, d, n, f. -As felicitacións. -Biblioteca de centro.	12	16	X		
4	Ideas no papel.	- A assemblea: normas básicas de interacción oral. -A frase. - O substantivo: común ou propio/masculino ou feminino. -O son /K/. -Lectura de textos simples.	11	15		X	
5	A clase dos superpoderes.	- A assemblea: normas básicas de interacción oral. - O adxectivo. - Semellanzas e diferenzas.	11	16		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A clase dos superpoderes.	-O son /Z/. - Lectura de textos simples.	11	16		X	
6	Grande coma un mundo.	- A asamblea: normas básicas de interacción oral. -A maiúscula. -Os signos de puntuación. -Sinónimos e antónimos. -/Ñ/-/LL/. - Lectura de textos sinxelos. - Os contos como fonte de lecer.	11	16		X	
7	Cando aconteceu?	-A asamblea: normas básicas de interacción oral. -Escritura creativa. -A noticia. -R ou rr. - O verbo: pasado, presente e futuro. - A oración: suxeito e predicado. -Signos de interrogación e exclamación. -Lectura como fonte de lecer.	11	16			X
8	A arte da creatividade.	- A asamblea: normas básicas de interacción oral. -A publicidade: os carteis. -O son /X/. -Orde alfabética. -As sílabas. -Lectura como fonte de lecer.	11	15			X
9	Boa viaxe!	- A asamblea: normas básicas de interacción oral. - As instrucións. -/H/-/CH/. - Aumentativos e diminutivos. -Lectura como fonte de lecer.	10	14			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aterrando en primeiro.	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Recoñecer as cinco vogais, realizar correctamente o seu trazo e asociar cada unha delas con palabras que comecen polo seu son.	PE	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	TI	80
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Participar en interaccións orais da aula respectando a quenda de palabra e amosando una actitude de escoita activa e atenta.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Resolver calquera conflito que poida xurdir de xeito pacífico mediante o diálogo.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartida.	Identificar a biblioteca de aula como espazo físico de lecer e disfrute.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Contexto - Estratexias para a planificación e produción de textos básicos, en lingua galega, axeitados a súa idade (normas, contos...). - Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.

UD	Título da UD	Duración
2	Creando palabras.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Coñecer o son das primeiras grafías traballadas, identificando cando aparecen en determinados nomes (presentados oralmente en palabras, ou por medio de debuxos), escribindo palabras sinxelas con elas.	PE	17
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Aproximarse ás diferentes linguas que coñecemos, construindo e comparando palabras sinxelas e xogando co número de sílabas e letras das mesmas.	TI	83
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Memorizar adiviñas sinxelas e reproducilas ante os demais.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Participar en interaccións orais da aula, respectando a quenda de palabra e amosando unha actitude de escoita atenta e activa.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Resolver calquera conflito que poida xurdir dun xeito pacífico mediante o diálogo.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro.	Coñecer e respectar as principais normas de funcionamento e organización da biblioteca de aula.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Valorar as adiviñas como fonte de disfrute e aprendizaxe.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndooas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Utilizar adiviñas traballadas na aula, como base e modelo para crear outras novas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos en lingua galega axeitados a súa idade (normas, contos...). - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. - Procesos: comprensión oral - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, de xeito acompañado, que estimulen o seu interese e gustos. - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. - Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal. - Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.

UD	Título da UD	Duración
3	Bo Nadal!	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Coñecer o son das grafías traballadas, identificando cando aparecen en determinados nomes (presentados oralmente en palabras, ou por medio de debuxos) e escribir palabras sinxelas con elas.	PE	17
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, en especial os relacionados co galego/castelán, a partir da observación da contorna.	Identificar, de maneira acompañada, certos prexuízos e estereotipos que existen nos xoguetes infantís.	TI	83
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Comprender o sentido xeral e a mensaxe implícita de certos textos multimodais sinxelos.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coñecer a organización e o funcionamento da biblioteca do centro, amosando interese por visitala e recurrir ao empréstimo de libros.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Construír, de xeito guiado, mediante a reflexión, un pensamento crítico, non discriminatorio.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro.	Iniciarse no uso da biblioteca de aula, entrando en contacto con algúns libros.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Amosar interese por traer contos persoais da súa casa, para compartir no proxecto lector ou certos momentos de lecer.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia, recoñecendo o galego como lingua propia. - A diversidade etnocultural e lingüística no contexto escolar e familiar. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos en lingua galega axeitados a súa idade (normas, contos...). - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes. - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios, e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación. - Contexto - Estratexias para a planificación e produción de textos básicos, en lingua galega, axeitados a súa idade (normas, contos...). - Procesos: comprensión lectora - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Iniciación na produción de textos escritos básicos en galego a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. - Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses. - Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.

UD	Título da UD	Duración
4	Ideas no papel.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Crear frases sinxelas, con apoio visual, seguindo a estrutura artigo, substantivo, adxectivo.	PE	36
CA3.7 - Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Primeira aproximación as normas ortográficas que rexen o uso do son /K/, aplicándoas correctamente en palabras de uso común.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Recoñecer o substantivo como categoría gramatical: común ou propio e masculino ou feminino.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Coñecer palabras de uso habitual empregadas na aula, tanto en galego como en castelán.	TI	64
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Representar imaxes relacionadas con sustantivos de uso común, mediante mímica e xestos.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Participar en interaccións de aula, respectando a quenda de palabra e amosando unha actitude de escoita activa e atenta.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Resolver calquera conflito que poida xurdir de xeito pacífico, mediante o diálogo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Facer un uso sistemático da biblioteca de aula, amosando interese por traer a aula libros da súa propia colección.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro.	Coñecer e aplicar as normas de organización e funcionamento da biblioteca de aula, coidando os seus materiais.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Crear carteis ilustrativos a partir de palabras bonitas extraídas do conto introductorio ou da súa propia autoría.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. - Procesos: comprensión oral - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, de xeito acompañada, que estimulen o seu interese e gustos. - Procesos: produción oral - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos. - Procesos: comprensión lectora - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. - Inicio no coñecemento básico respecto da organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal con textos da literatura galega. - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. - Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas.

Contidos
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
5	A clase dos superpoderes.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Identificar o adxectivo como categoría gramatical.	PE	46
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Primeira aproximación as normas ortográficas que rexen o uso do son /Z/, aplicándoas correctamente en palabras de uso común.		
CA3.7 - Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Distinguir entre substantivo e adxectivo en palabras significativas de uso común.		
CA5.5 - Reproducir, de xeito acompañado, e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Recoñecer en textos literarios sinxelos adxectivos previamente traballados.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	TI	54
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproducir de memoria trabalinguas sinxelos, axeitados ao seu nivel, gustos e intereses.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Participar en interaccións de aula, respectando a quenda de palabra e amosando unha actitude de escoita activa e atenta.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñecer adxectivos discriminatorios ou non respectuosos cos demais.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Resolver calquera conflito que poida xurdir, dun xeito pacífico, mediante o diálogo.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Amosar interese por coñecer trabalinguas sinxelos, empregándoos como fonte de aprendizaxe e disfrute.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Interese pola ampliación de vocabulario básico. - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. - Procesos: comprensión oral - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo. - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Iniciación na produción de textos escritos básicos en galego a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses. - Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.

UD	Título da UD	Duración
6	Grande coma un mundo.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos, en lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Coñecer, diferenciar e usar correctamente o son /LL/ e o son /Ñ/ en palabras de uso común.	PE	36
CA3.7 - Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Coñecer os usos básicos do punto, coma e maiúsculas, aplicándoos axeitadamente nas súas producións escritas.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia, a partir da observación, comparación e transformación de palabras nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Relacionar sinónimos e antónimos en parellas de palabras significativas.		
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, en especial os relacionados co galego/castelán, a partir da observación da contorna.	Reflexionar, con axuda, sobre certos estereotipos e prexuízos culturais por razón de xénero.	TI	64
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil e identificar o sentido global do texto.	Ler en voz alta textos sinxelos, identificando as ideas principais e realizando un breve resumen oral dos mesmos.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Valorar a lectura como fonte de aprendizaxe, aplicando estratexias básicas de comprensión lectora, previamente traballadas.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Recurrir a lectura en momentos de lecer.		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Ler textos sinxelos, respectando os signos de puntuación e realizando as pausas axeitadas.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participar espontaneamente en actividades de lectura compartida que se realicen tanto na aula como no centro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos

Contidos

- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.
- Iniciación na produción de textos escritos básicos en galego a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Iniciación nas regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuadas aos seus intereses.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Creación de breves relatos e contos infantís en galego, a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Estratexias para a transformación guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e

Contidos
- outras.

UD	Título da UD	Duración
7	Cando aconteceu?	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos, en lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Coñecer as normas de uso da erre e da erre dobre, aplicándoas nas súas producións escritas.	PE	40
CA3.7 - Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Recoñecer o verbo como categoría gramatical e identificar accións en pasado, presente e futuro.		
CA6.2 - Producir en galego, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Crear oracións sinxelas a partir de consignas ou instrucións dadas.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia, a partir da observación, comparación e transformación de palabras nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Recoñecer o suxeito e o predicado en oracións sinxelas, cun apoio visual.	TI	60
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Identificar a información básica dunha noticia sinxela.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Elaborar unha noticia sinxela, relacionada co seu entorno, seguindo un guión e modelo dado previamente.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Utilizar o título e as ilustracións presentes nunha noticia como primeira estratexia de comprensión lectora.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Analizar o contido dunha noticia sinxela respondendo as preguntas que, quen, como, donde, cando e por que,		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.	Construír a identidade lectora a partir da lectura de textos de diferentes fontes.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Valorar as noticias como fonte de aprendizaxe e lecer.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndooas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Usar as noticias traballadas como base para crear pequenas historias.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística, usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Aplicar, con axuda, certas estratexias de revisión sinxelas para mellorar os seus textos escritos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos en lingua galega axeitados a súa idade (normas, contos...). - Procesos: interacción oral <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. - Procesos: comprensión oral <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes. - Procesos: produción oral <ul style="list-style-type: none"> - Creación de textos orais básicos nos que utilicen unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos. - Interese por expresarse oralmente cunha pronuncia e unha entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Contexto <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a planificación e produción de textos básicos, en lingua galega, axeitados a súa idade (normas, contos...). - Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos

Contidos

- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).
- Estratexias para a comprensión lectora de textos, da literatura galega, axeitados ao nivel: título e ilustracións.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes sinxelas.
- Modelos explícitos para comunicar a información.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura de información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Recoñecemento de forma acompañada da autoría de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuadas aos seus intereses.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.
- Creación de breves relatos e contos infantís en galego, a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas. - Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. - Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega. - Estratexias para a transformación guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar. - Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación. - Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados. - Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
8	A arte da creatividade.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos, en lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Coñecer e utilizar adecuadamente o son /X/ nas súas producións escritas.	PE	30
CA3.7 - Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Coñecer a orde alfabética e iniciarse na ordenación de palabras.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia, a partir da observación, comparación e transformación de palabras nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Separar en sílabas palabras significativas de uso común, clasificándoas en monosílabas, bisílabas, trisílabas e polisílabas.	TI	70
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta un recoñecemento social equilibrado das dúas linguas oficiais.	Reflexionar sobre os diferentes tipos de discriminación e rexeitalos en todas as súas manifestacións.		
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil e identificar o sentido global do texto.	Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, con certa fluidez.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Amosar interese e gusto pola lectura, seleccionando obras do seu gusto para ler en momentos de lecer.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Reflexionar sobre os diferentes tipos de discriminación e rexeitalos en todas as súas manifestacións.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participar espontaneamente en actividades lectoras que se realicen tanto a nivel de aula como de centro.		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordos cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Ler en voz alta, con boa entoación e respectando os signos de puntuación textos sinxelos de carácter infantil.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Expresar a súa opinión e respectar as opinións dos demais, durante as actividades de lectura que se leven a cabo tanto na aula como a nivel de centro.		
CA5.5 - Reproducir, de xeito acompañado, e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Crear carteis publicitarios sinxelos, con mensaxes significativos sobre diversos aspectos sociais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Contexto - Estratexias para a planificación e produción de textos básicos, en lingua galega, axeitados a súa idade (normas, contos...). - Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas). - Procesos: comprensión lectora - Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. - Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega. - Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas. - Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.

Contidos

- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.
- Iniciación na produción de textos escritos básicos en galego a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Modelos explícitos para comunicar a información.
- Recoñecemento de forma acompañada da autoría de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuadas aos seus intereses.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega.
- Estratexias para a transformación guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar.
- Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
9	Boa viaxe!	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos, en lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Recoñecer o son /CH/, empregándoo adecuadamente en palabras de uso común, así como aprender certas palabras habituais que levan /H/.	PE	24
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Transformar palabras significativas de uso común noutras, utilizando aumentativos e diminutivos.		
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil e identificar o sentido global do texto.	Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, con certa fluidez.	TI	76
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Comprender a información recollida en textos sinxelos, apoiándose nun guión dado previamente.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localizar e seleccionar a información relevante de distintas páxinas web, a partir dun modelo dado.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.	Expoñer ante os seus compañeiros e compañeiras a información de interese dunha forma clara e comprensible para os demais.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas.	Utilizar os medios dixitais, con axuda, recurrido soamente as páxinas web proporcionadas para localizar a información.		
CA5.5 - Reproducir, de xeito acompañado, e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Elaborar instrucións sinxelas sobre algún aspecto elexido por eles, a partir dun guión dado previamente.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística, usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Aplicar, con axuda, certas estratexias de revisión sinxelas para mellorar os seus textos escritos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto - Estratexias para a planificación e produción de textos básicos, en lingua galega, axeitados a súa idade (normas, contos...). - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).

Contidos

- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións, que facilitan a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.
- Iniciación na produción de textos escritos básicos en galego a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes sinxelas.
- Modelos explícitos para comunicar a información.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura de información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Recoñecemento de forma acompañada da autoría de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuadas aos seus intereses.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas.

Contidos

- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Estratexias para a transformación guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na educación primaria poñeráse especial énfase en garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan axiña como se detecte calquera destas situacións.

A metodoloxía didáctica a seguir, segundo o artigo 16 do Decreto 155/2022, do 15 de Setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

Falamos así dunha metodoloxía de tipo participativo e cooperativo, baseada en pequenos proxectos que irán paralelos á utilización de fichas didácticas, traballos de investigación e experimentación directa, actividades dixitais e moitas de carácter manipulativo.

Neste curso ademais, vaise desenvolver un proxecto común a todo o centro, titulado “ReCreando o noso espazo”, na procura dun traballo colaborativo no que participen tódolos cursos co fin de mellorar a calidade educativa. Polo que en xeral, a metodoloxía será de tipo lúdico e práctico, intercalando actividades individuais e grupais e fomentándose, sempre que sexa posible, a colaboración coas familias. É importante o traballo individual pero tamén o colectivo, onde os nenos/as aprendan a compartir as ideas, respectar as opinións dos demais e a colaborar. O uso das TIC é un elemento que nos permitirá favorecer a construción de aprendizaxes.

Ademais ao falar desta materia non podemos esquecernos de falar da lectura que constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; polo que neste curso que nos atopamos o alumnado iniciárase na mesma: adquirindo estratexias e técnicas moi básicas que lles axuden a acadar unha boa competencia lectora. Co fin de fomentar a adquisición e o posterior hábito lector, ademais dos diferentes momentos que dedicamos ao longo da mañá a esta actividade, tamén temos 30 minutos despois do tempo de lecer destinados ao Plan Lector. Durante este Plan Lector levaremos a cabo diversas actividades: lectura de contos por parte da mestra, lectura compartida, xogos de lectura, actividades de animación á lectura...Asemade, o grupo contará este curso coa sección bilingüe e recibirá as clases de Inglés co apoio dun auxiliar de conversa.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que suscitan:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas que favorecen a comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes, conectando coa adquisición das competencias.
- Exercicios e actividades diversificadas.
- Traballo individual e en grupo, tarefas diversificadas e integradas. Todo secuenciado por niveis de dificultade, abordando a diversidade de estilos cognitivos para permitir que todo o alumnado adquira un nivel axeitado do desenvolvemento das diferentes competencias.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material audiovisual e informático da aula.
Recursos interactivos de creación propia usando aplicacións como Canva, Power point, Kahoot, Genially, Wordwall ou Educaplay.
Cadernos interactivos: despregables, posters, láminas, ruletas...
Material de creación propia, relacionado con cada unha das unidades didácticas.
Contos introductorios de cada unidade didáctica.
Bingos, abecedarios en maiúscula e minúscula (Montessori, abecedarios imantados, letra ligada...), xogos de vocabulario, dados para a creación de historias,,,
Cancións, poemas, vídeos didácticos, audiocontos...
Xogos de mesa.
Libro de lecturas.
Radio escolar.

Como materiais a utilizar aproveitaranse moito todos aqueles que o alumnado e as familias aporten para a realización das diferentes actividades e tamén se buscará a colaboración doutros mestres e especialistas do centro e, incluso, das institucións do Concello que poidan aportarnos información ou materiais para os nosos proxectos. Tamén se utilizarán diversos recursos informáticos, a páxina web do centro e os libros da biblioteca de aula e de centro como materiais habituais de traballo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Tal e como queda recollido no artigo 20 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, durante o primeiro mes de cada curso escolar, a persoa titora realizará unha avaliación inicial. Esta avaliación inicial constitúe o factor preventivo por excelencia para atender á diversidade da aula, ademais de ter como principais finalidades a adecuación das ensinanzas ao alumnado ao mesmo tempo que facilita unha progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Por tanto, a realización desta avaliación, será o punto de referencia para a toma de decisións na programación de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas en cada momento.

Tendo en conta que nos atopamos no 1º curso da Educación Primaria, que estamos comezando a etapa, empregaremos unha escala de observación, así como o rexistro anecdótico para recoller toda a información que consideremos relevante, extraída do traballo diario da aula, durante as primeiras semanas do curso, tanto a nivel individual como en interaccións en pequeno e gran grupo, oralmente ou mediante algunha dinámica ou ficha de traballo.

Esta avaliación inicial en ningún caso implicará cualificación para o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	12	12	11	11	11	11	11	10	100
Proba escrita	20	17	17	36	46	36	40	30	24	29
Táboa de indicadores	80	83	83	64	54	64	60	70	76	71

Criterios de cualificación:

A avaliación do alumnado será global, continua, formativa e terá en conta o grado de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou alumno non sexa o axeitado, estableceráanse medidas de reforzo en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades.

É importante destacar o uso xeralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados as distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado (diario de aula, escalas de observación, listas de cotexo, exercicios orais e escritos, caderno de aula, xogos interactivos, materiais manipulativos...)

Os resultados da avaliación expresaranse empregando os termos IN (calificacións negativas) e SU, BE, NT ou SB (calificacións positivas). A estes termos, engadiremos, con carácter informativo, unha calificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala do 1 ao 10.

-Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

-Suficiente: 5

-Ben: 6

-Notable: 7,8

-Sobresáinte: 9, 10.

Os resultados da avaliación das competencias clave expresaranse nos mesmos termos cualitativos que se establecen para os resultados de avaliación da área e será o equipo docente, coordinado pola persoa titora, quen consignará na acta de avaliación final as cualificacións das mesmas.

Criterios de recuperación:

Tal como queda recollido no artigo 24 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, a promoción no 1º curso de Educación Primaria será automática. Porén, o alumnado que promocioe tendo cualificación negativa nalgunha área, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non acadadas no curso anterior.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é unha característica intrínseca dos grupos humanos, xa que cada persoa sente, pensa e actúa de maneira diferente. Isto vai ligado ás diferencias nas capacidades, necesidades, intereses, condicións familiares, culturais... Ademais, esta diversidade afecta ao ámbito educativo, onde atopamos a alumnado que, a pesar de estar no mesmo nivel, é totalmente diferente entre sí.

Por iso a atención á diversidade convértese nun principio fundamental da ensinanza básica, tal e como se recolle nos artigos 1 e 4 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, que modifica á Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE).

A atención á diversidade no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do

alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve, defínese como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a reposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. As medidas para atender á diversidade poden ser ordinarias ou extraordinarias, priorizando, sempre que sexa posible, as primeiras. Entre elas, podemos destacar as seguintes:

-Adecuación da estrutura, organización e xestión da aula ás características do alumnado.

-Emprego de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais e pequenos proxectos de traballo.

-Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.

-Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

No caso de ter alumnado que precise outro tipo de medidas, por resultar insuficientes as anteriores, manteremos un contacto máis pormenorizado co Departamento de Orientación para a súa valoración, organización dos apoios requiridos e seguimento da súa evolución. Así, levaranse a cabo os apoios, fóra ou dentro da aula, por parte do profesorado especialista en PT e AL do centro que se consideren necesarios para abordar estas dificultades. Nos casos xa diagnosticados intentarase continuar coas medidas de atención á diversidade iniciadas no curso anterior sempre que sexa necesario. Ademais se colaborará con entidades externas en caso de que o alumnado asista a elas, intentando manter unha comunicación fluida e levar a cabo un traballo conxunto co fin de prestarlle o maior apoio posible a ese alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Competencia dixital e comunicación audiovisual.			X				X	X
ET.3 - Creatividade.		X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre as persoas, evitando calquera tipo de discriminación.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Acción titorial e educación emocional.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a saúde, consumo responsable.			X				X	X
ET.8 - Democracia e respecto polos dereitos humanos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita.	X
ET.2 - Competencia dixital e comunicación audiovisual.	

	UD 9
ET.3 - Creatividade.	X
ET.4 - Igualdade entre as persoas, evitando calquera tipo de discriminación.	X
ET.5 - Educación para a paz.	X
ET.6 - Acción titorial e educación emocional.	X
ET.7 - Educación para a saúde, consumo responsable.	
ET.8 - Democracia e respecto polos dereitos humanos.	X
ET.9 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Samaín	1º Trimestre	X		
Esfolla	1º Trimestre	X		
Magosto	1º Trimestre	X		
Cine	1º Trimestre	X		
Nadal e actividades coa familia	1º Trimestre	X		
Día da Paz	2º Trimestre		X	
Día de Rosalía	2º Trimestre		X	
Entroido	2º Trimestre		X	
Plantación no invernadoiro	3º Trimestre			X
Os maios	3º Trimestre			X
Festa da auga	3º Trimestre			X
Excursión final de curso	3º Trimestre			X
Feira de proxectos	3º Trimestre			X

Observacións:

Estas actividades están suxeitas a posibles modificacións, e tamén, a outras posibles actividades que vaian xurdindo ó longo do curso e que sexan interesantes para o desenvolvemento dos contidos do mesmo. Estas modificacións serán relacionadas na memoria de final de curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adaptouse a práctica docente (metodoloxía, actividades, recursos...) ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.
Modificouse a planificación ao longo do curso, atendendo á flexibilidade, en función da vida cotiá do centro e da aula.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axeitada.
Metodoloxía empregada
Mantívose a motivación, interese e curiosidade do alumnado coas propostas e dinámicas levadas a cabo na aula.
Conseguíuse a participación activa da maioría do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos seleccionados foron axeitados para levar a cabo un correcto desenvolvemento das actividades propostas.
Os recursos foron diversos, variados e adaptados as características e estilos de aprendizaxe do alumnado.
Empregáronse de forma eficaz as TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Empregáronse instrumentos e procedementos de avaliación variados e axeitados, tendo en conta os diferentes aspectos a valorar.
Tivéronse en conta as características propias do grupo á hora de planificar os espazos, tempos e agrupamentos.
Clima de traballo na aula
Mantívose un clima de aula relaxado onde o alumnado síntese seguro, tranquilo e con confianza.
Permitíuse á elaboración conxunta das normas básicas de funcionamento da aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Usáronse diferentes vías de comunicación coas familias.
Fomentouse a implicación e participación das familias na vida da escola e no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as.
As familias foron debidamente informadas sobre o proceso de avaliación, criterios de calificación e promoción.
Acadouse unha boa coordinación e unha comunicación frecuente, sistemática e fluida co resto de profesorado que imparte docencia no grupo aula.

Descrición:

Estes aspectos permitirán avaliar o proceso de ensino e a práctica docente non só ao finalizar o curso, senón durante o mesmo (unha vez por trimestre ou máis, se se considera oportuno), para facer os axustes e as propostas de mellora necesarias. Algo que permitirá analizar e valorar a intervención educativa que ten lugar na aula para adaptala ás características e necesidades do alumnado e así mellorar a calidade da educación proporcionada. Polo tanto, teranse en conta para realizar o seguimento das programacións didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Durante as sesións de avaliación serán avaliados os procesos de ensino e a práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos das áreas e da etapa e co desenvolvemento das competencias clave para, se é preciso, aplicar as medidas correctoras pertinentes. Esta avaliación tal e como queda recollido na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa incluírá os seguintes aspectos:

- a) A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.
- b) A metodoloxía empregada.
- c) A organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos.
- d) As medidas de atención á diversidade.
- e) O clima de traballo na aula.
- f) A coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais.

Así, nas sesións de avaliación a mestra titora analizará co resto do profesorado do grupo-clase, aqueles aspectos nos que é necesario unha variación e levantará a correspondente acta na que se recollerán as decisións e os acordos acadados con respecto á práctica docente e as propostas de mellora oportunas.

Deste xeito, iremos observando en que medida se vai cumprindo a programación, que aspectos da mesma poderemos mellorar e cales deberemos potenciar por resultar favorables para a evolución do alumnado. E así desas conclusións poderase determinar a avaliación e modificación de diversos aspectos da Programación Didáctica, especialmente todos os referidos á temporalización, a metodoloxía e os instrumentos e procedementos de avaliación, por ser os máis facilmente axustables e os que máis afectan a unha favorable evolución do alumnado. Finalmente farase unha avaliación final da PD, cuxas conclusións se incorporarán na memoria final de nivel e se trasladarán á memoria do centro, sendo a base referencial para a elaboración de futuras PD.

Por tanto, en función dos resultados desta avaliación continua da PD estableceranse as posibles propostas de mellora que, a continuación, se relacionan:

- a) Modificación parcial de aspectos referentes á temporalización e inmersión de reforzos educativos.
- b) Modificación significativa da programación segundo as conclusións derivadas das análises específicas das xuntas de avaliación. Estas modificacións afectarán a aspectos significativos da programación e terán sempre información da Xefatura de Estudos e conclusión redactada en xunta de avaliación, así como transmisión ás familias.
- c) Modificación moi significativa de programación por ampliación ou redución segundo diversas circunstancias de salientable impacto educativo. Esta modificación determinará un axuste concreto dos elementos clave da programación, con aprobación da Inspección e traslado a toda a Comunidade Educativa.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010162	CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia	Narón	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	1º Pri.	5	175

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	29

1. Introducción

A programación que se presenta a continuación vai dirixida ao alumnado do 1º curso de Educación Primaria do CEIP Plurilingüe Ponte de Xuvia. Trátase dun centro dunha liña (agás en 5º e 6º de EP) composto por un total de 11 unidades e situado no concello de Narón, concretamente nunha zona urbana con familias de clase media, na súa maioría. A práctica totalidade do alumnado vive preto do centro polo que éste constitúe o seu entorno habitual.

Trátase dun centro de xornada única, de 9:00 a 14:00 horas, atendendo a Orde do 29 de maio de 2008. As instalacións do centro cumpren cos requisitos mínimos establecidos no Real Decreto 132/2010, do 12 de Febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros nos que se imparten ensinanzas do segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria. A escola conta con dous edificios de dúas plantas, un para Infantil e outro para Primaria, así como cunha zona de recreo, na que está presente un invernadoiro, un parque de xogos infantís e un pavillón.

CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Baixo a música do 1º mov. de A primavera de As catro estacións de A. Vivaldi, a modo de pequeno conto, segue os movementos e indicacións da persoa docente.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Participa nun grupo que crea os movementos e indicacions do conto previamente creado baixo a música do 3º mov. de O verán de Vivaldi.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafas non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.

Contidos

- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.
- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico de música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.
- Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.
- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
4	Músicas e danzas do mundo	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Identifica e discrimina entre música con voz, a capella e só instrumental en cada unha das manifestacións musicais seleccionadas.		
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa na elaboración dun mural grupal sobre instrumentos musicais e danzas e bailes tradicionais e populares galegos.		
CA1.5 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa grupalmente na creación e interpretación dunha pequeno conto que empregue algúns instrumentos, ou outros, a modo de efectos dramáticos.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas.	TI	100
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Identifica e discrimina entre baile ou danza individual, en parella e grupal en cada unha das manifestacións seleccionadas.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa na elaboración dun mural grupal sobre instrumentos musicais e danzas e bailes tradicionais e populares galegos.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa nun grupo que deseña e interpreta unha pequena coreografía dunha música elixida por este, preferentemente das traballadas nesta UD.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde - Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión - Técnicas dramáticas e dancísticas elementais. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.

Contidos

- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregárase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia (ou na Aula Virtual do centro). Nesta o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
- vídeos de interpretación (voz, instrumentos e/ou danza) para aprendizaxe e/ou repaso
- ligazóns de interese relacionadas coa materia
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

Ademais empregaremos o recurso da radio escolar para contribuir á mellorar a autoconfianza do alumnado, así como para deixar constancia dalgúns contidos traballados e potenciar o interese pola música no alumnado e en toda a comunidade educativa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)

Encerado dixital

Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altofalantes
Piano electrónico
Micrófono/s, pé/s de micro e cableado
Páxina web do centro: sección Aula de Música e Danza/Aula Virtual
Fruta doce
Cartafol con aneis
Estoxo
Guitarra

Este ano, debido ás necesidades do centro, non se conta con aula de música , polo que o emprego de materiais e espazos propios da área de música adaptárase ás circunstancias.

O ordenador de aula conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altofalantes, para a reprodución auditiva.

O material da radio escolar , que se atopa na biblioteca ,empregarase para a gravación de producións do alumnado.

A sección desta materia na páxina web do centro e/ou Aula Virtual servirá para varias cuestións, como así se pode comprobar no punto das concrecións metodolóxicas.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (fruta, cartafol con aneis para fichas e estoxo).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha serie de probas e unha observación sistemática co fin de coñecer o punto de partida; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras de infantil do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro, aínda que ao ter impartido música en infantil hai moito avanzado nesta liña.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 3 ou 4 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo e necesidades da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta ao alumnado de nova incorporación.

Dita serie de probas consistirán na execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro; ao mesmo tempo, rexistraranse aspectos como a capacidade de recepción, comportamento, actitude, etc.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	25	25	25	100
Proba escrita	20	20	20	0	15
Táboa de indicadores	80	80	80	100	85

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

- 1º trim.: UD1 65% + UD4 35%
- 2º trim.: UD2 65% + UD4 35%
- 3º trim.: UD3 65% + UD4 35%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 33%
- 2º trim. 33%
- 3º trim. 34%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Na avaliación final terase en conta a evolución xeral do alumno/a que o precise, facendo especial fincapé na progresión dos tres trimestres, e sobre todo o terceiro. Puidendo ter a área finalmente aprobada, se no terceiro trimestre se considera adquiriu os obxectivos propostos. Neste caso, excepcionalmente non se faría o cómputo final como no indicado no punto anterior.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que

este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; e traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc...Reforzos visuais de todo tipo no caso de ser preciso por las características específicas do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X	
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballarase ao abeiro do B2 no 3º trim. e a través da construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival de Nadal	Concerto coral de todo o centro para a comunidade educativa.	X		
Concerto pola paz	Concerto instrumental con temática da paz para a comunidade educativa.		X	
Colaboración coa radio escolar do centro.	No 3º trimestre colabórase elixindo un dos traballos grupais realizados durante o curso para editar no Xornal.			X

Observacións:

Colaborárase con todas as actividades programadas na PXA onde a presenza da música teña lugar e contribúa á consecución dos obxectivos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro..

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
 - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
 - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010162	CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia	Narón	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	12

1. Introducción

A programación que se presenta a continuación vai dirixida ao alumnado do 1º curso de Educación Primaria do CEIP Plurilingüe Ponte de Xuvia. Trátase dun centro dunha liña (agás en 5º e 6º de EP) composto por un total de 11 unidades e situado no concello de Narón, concretamente nunha zona urbana con familias de clase media, na súa maioría. A práctica totalidade do alumnado vive preto do centro polo que éste constitúe o seu entorno habitual.

Trátase dun centro de xornada única, de 9:00 a 14:00 horas, atendendo a Orde do 29 de maio de 2008. As instalacións do centro cumpren cos requisitos mínimos establecidos no Real Decreto 132/2010, do 12 de Febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros nos que se imparten ensinanzas do segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria. A escola conta con dous edificios de dúas plantas, un para Infantil e outro para Primaria, así como cunha zona de recreo, na que está presente un invernadoiro, un parque de xogos infantís e un pavillón.

O grupo obxecto desta programación confórmano un total de 18 alumnos (10 nenos e 8 nenas) con capacidades, necesidades e ritmos diversos de aprendizaxe. A lingua materna do alumnado é o castelán de xeito xeral, sendo o galego a lingua materna dunha porcentaxe moi baixa do mesmo.

O profesorado que imparte docencia na aula é o seguinte:

-Rocío Cano Corredoira: titora e mestra de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Matemáticas, Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural e Proxecto Competencial.

-Ana Isabel Morales Moya: especialista en Educación Física.

-Purificación Fachal Corbeira: especialista en Educación Plástica (sección bilingüe)

-Nithin Krishna Kallakudiyar: auxiliar de conversa.

-Dolores Castro Sixto: especialista en Relixión Católica.

-Ana María Rodríguez García: especialista en Lingua Estranxeira.

-Juan Marcos Cerezo Suárez: especialista en Educación Musical.

-Sara Gómez Amado: especialista en Pedagogía Terapéutica.

-Carmen Díaz Vargas: especialista en Audición e Linguaxe.

O currículo que vai ser traballado é o especificado no Decreto 155/2022, do 15 de Setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O patio máis que un espazo.	Procura de información sobre aquilo que lles gustaría aprender co desenvolvemento deste proxecto.	33	11	X		
2	Unha nova vida.	Recopilación de materiais e creación de todo aquilo que imos precisar para darlle unha nova vida a algún dos espazos do noso patio.	33	12		X	
3	Benvidos!	Presentación do produto final na Feira de proxectos realizada no centro.	34	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O patio máis que un espazo.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Valorar a importante riqueza que temos no noso patio como espazo de vida e aprendizaxe.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Anotar os recursos e materiais necesarios para o proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar e seleccionar información que precisamos coñecer para levar a cabo o proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.

UD	Título da UD	Duración
2	Unha nova vida.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Implicarse positivamente na execución das actuacións previstas.	TI	100
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Realizar propostas para as posibles incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.	Implicarse positivamente na execución das actuacións previstas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Realizar aportacións dos coñecementos previos sobre o proxecto.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar axeitadamente os recursos materiais previamente definidos e elaborados.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Transmitir e resolver as diferentes incidencias que vaian xurdindo durante o proceso.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar positivamente a participación propia e das compañeiras e compañeiros ao termo da execución do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Planificación: secuenciación e temporización.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Benvidos!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Expoñer o proxecto realizado na Feira de Proxectos.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal tranquila que enxalce o discurso.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal tranquila que non interfira no contido do discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas e ser capaz de xestionar dun xeito tranquilo e controlado as emocións negativas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar diferentes recursos como apoio durante a exposición do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na educación primaria poñerase especial énfase en garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan axiña como se detecte calquera destas situacións.

A metodoloxía didáctica a seguir, segundo o artigo 16 do Decreto 155/2022, do 15 de Setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

Falamos así dunha metodoloxía de tipo participativo e cooperativo, baseada en pequenos proxectos que irán paralelos á utilización de fichas didácticas, actividades dixitais e moitas de carácter manipulativo.

Neste curso ademais, vaise desenvolver un proxecto común a todo o centro, titulado "ReCreando o noso espazo", na procura dun traballo colaborativo no que participen tódolos cursos co fin de mellorar a calidade educativa. Polo que en xeral, a metodoloxía será de tipo lúdico e práctico, intercalando actividades individuais e grupais e fomentarse, sempre que sexa posible, a colaboración coas familias. É importante o traballo individual pero tamén o colectivo, onde os nenos/as aprendan a compartir as ideas, respectar as opinións dos demais e a colaborar. O uso das TIC é un elemento que nos permitirá favorecer a construción de aprendizaxes.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que suscitan:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas que favorecen a comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes, conectando coa adquisición das competencias.
- Exercicios e actividades diversificadas.
- Traballo individual e en grupo, tarefas diversificadas e integradas. Todo secuenciado por niveis de dificultade, abordando a diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e favorecendo a adquisición de competencias para todos os alumnos.

Asemade, o grupo contará este curso coa sección bilingüe e recibirá as clases de Inglés e un momento lector semanal co apoio dun auxiliar de conversa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material audiovisual e informático da aula.
Recursos interactivos de creación propia usando aplicacións como Canva, Power point, Kahoot, Genially, Wordwall ou Educaplay.
Material funxible.
Material de creación propia, relacionado con cada unha das unidades didácticas.
Códigos QR.
Vídeos didácticos.
Radio escolar.

Como materiais a utilizar aproveitaranse moito todos aqueles que o alumnado e as familias aporten para a realización das diferentes actividades e tamén se buscará a colaboración doutros mestres e especialistas do centro e, incluso, das institucións do Concello que poidan aportarnos información ou materiais para os nosos proxectos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Tal e como queda recollido no artigo 20 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, durante o primeiro mes de cada curso escolar, a persoa titora realizará unha avaliación inicial. Esta avaliación inicial constitúe o factor preventivo por excelencia para atender á diversidade da aula, ademais de ter como principais finalidades a adecuación das ensinanzas ao alumnado ao mesmo tempo que facilita unha progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Por tanto, a realización desta avaliación, será o punto de referencia para a toma de decisións na programación de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas en cada momento.

Tendo en conta que nos atopamos no 1º curso da Educación Primaria, que estamos comezando a etapa, empregaremos unha escala de observación, así como o rexistro anecdótico para recoller toda a información que consideremos relevante, extraída do traballo diario da aula, durante as primeiras semanas do curso, tanto a nivel individual como en interaccións en pequeno e gran grupo, oralmente ou mediante algunha dinámica ou ficha de traballo.

Esta avaliación inicial en ningún caso implicará cualificación para o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación do alumnado será global, continua, formativa e terá en conta o grado de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou alumno non sexa o axeitado, estableceráanse medidas de reforzo en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades.

É importante destacar o uso xeralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados as distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado (diario de aula, escalas de observación, listas de cotexo, exercicios orais e escritos, caderno de aula, xogos interactivos...)

Os resultados da avaliación expresaranse empregando os termos IN (calificacións negativas) e SU, BE, NT ou SB (calificacións positivas). A estos termos, engadiremos, con carácter informativo, unha calificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala do 1 ao 10.

-Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

-Suficiente: 5

-Ben: 6

-Notable: 7,8

-Sobresaínte: 9, 10.

Os resultados da avaliación das competencias clave expresaranse nos mesmos termos cualitativos que se establecen para os resultados de avaliación da área e será o equipo docente, coordinado pola persoa titora, quen consignará na acta de avaliación final as cualificacións das mesmas.

Criterios de recuperación:

Tal como queda recollido no artigo 24 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, a promoción no 1º curso de Educación Primaria será automática. Porén, o alumnado que promociione tendo cualificación negativa nalgunha área, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non acadadas no curso anterior.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é unha característica intrínseca dos grupos humanos, xa que cada persoa sente, pensa e actúa de maneira diferente. Isto vai ligado ás diferencias nas capacidades, necesidades, intereses, condicións familiares, culturais... Ademais, esta diversidade afecta ao ámbito educativo, onde atopamos a alumnado que, a pesar de estar no mesmo nivel, é totalmente diferente entre sí.

Por iso a atención á diversidade convértese nun principio fundamental da ensinanza básica, tal e como se recolle nos artigos 1 e 4 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, que modifica á Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE).

A atención á diversidade no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve, defínese como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a reposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. As medidas para atender á diversidade poden ser ordinarias ou extraordinarias, priorizando, sempre que sexa posible, as primeiras. Entre elas, podemos destacar as seguintes:

-Adecuación da estrutura, organización e xestión da aula ás características do alumnado.

-Emprego de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais e pequenos proxectos de traballo.

- Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

No caso de ter alumnado que precise outro tipo de medidas, por resultar insuficientes as anteriores, manteremos un contacto máis pormenorizado co Departamento de Orientación para a súa valoración, organización dos apoios requiridos e seguimento da súa evolución. Así, levaranse a cabo os apoios, fóra ou dentro da aula, por parte do profesorado especialista en PT e AL do centro que se consideren necesarios para abordar estas dificultades. Nos casos xa diagnosticados intentarase continuar coas medidas de atención á diversidade iniciadas no curso anterior sempre que sexa necesario. Ademais se colaborará con entidades externas en caso de que o alumnado asista a elas, intentando manter unha comunicación fluida e levar a cabo un traballo conxunto co fin de prestarlle o maior apoio posible a ese alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.2 - Competencia dixital e comunicación audiovisual.	X	X	X
ET.3 - Creatividade.	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre as persoas, evitando calquera tipo de discriminación.	X	X	X
ET.5 - Educación para a paz.	X	X	X
ET.6 - Acción tutorial e educación emocional.	X	X	X
ET.7 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X
ET.8 - Democracia e respecto polos dereitos humanos.	X	X	X
